



SEDE	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Redacción, Administración y Publicidad:	Ribadeo, 5. 27002 LUGO. Apartado 5.	Centralita: 982 298 100	Redacción: 982 298 102 Publicidad: 982 298 101	redaccion@elprogreso.es
Centro Impresión O Ceao	Parcelas 24 y 25, calle A. 27003 Lugo.	982 209 267		
Delegación Ribeira Sacra - Monforte	C/ Galicia, 8-10 2º I. 27400 Monforte	982 403 400	982 404 254	monforte@elprogreso.es
Delegación Terra Chá - Vialba	C/ Galicia, 34-36 Ent. I. 27800 Vialba	982 511 516	982 511 817	vialba@elprogreso.es
Delegación A Mariña - Burela	Curros Enríquez, 2-4. 27880 Burela	982 585 911	982 585 956	burela@elprogreso.es
Delegación Sarria	Diego Pazos, 3, Ent. 27600 Sarria	982 530 203	982 532 051	sarria@elprogreso.es

DE RE VARIA



ELÍAS FERREIRO

Obama e Siria

OBAMA é refén da liña vermella que el mesmo trazou con respecto á guerra de Siria. Ou non, que diría Mariano. Imos intentar explicalo. Ao condicionar unha intervención militar no país asiático ao uso de armas químicas polo réxime de Bachar al Asad, o presidente estadounidense veríase agora na encrucillada de ter que cumprir o prometido, ao dar por feito que o réxime sirio foi o responsable da matanza con gas sarín do pasado 21 de agosto preto de Damasco. Pero resulta que Obama tivo que botar o freo ao impedir os Comúns que a tradicionalmente incondicional aliada Gran Bretaña secundase os ardores bélicos de Estados Unidos. E é que tras as desastrosas consecuencias das intervencións militares occidentais en Iraq, Afganistán e Libia —os miles de mortos non impediron que os integristas islámicos se fixesen cada vez máis fortes nesas países—, o que máis e o que menos téntase a roupa á hora de meterse noutro bulleiral. Aínda así, o aparente éxito de Rusia ao convencer, en principio, a Asad de que destrúa o seu arsenal químico, pode, paradoxalmente, contribuir a que Obama salla máis que airoso da situación. Todo o que sexa non engadir máis leña ao lume na polvoreira de Oriente Medio beneficia a todo o mundo, pero especialmente a Israel —que se frota al máns ao ver como se desangra o país veciño—, o gran aliado de Estados Unidos na zona, que, iso si, tamén ten o seu arsenal químico. E nuclear.

O FUTURO É SEU

POR JESÚS DURÁN



J. VÁZQUEZ

jueves 19-9-2013

JESÚS OURO BARBA

CAMPIÓN GALEGO INFANTIL DE GOLF E OITAVO NO CAMPIONATO DE ESPAÑA

Un currículo que sumar ao estudo

► Un alumno do IES Lucus Augusti logrou este mes o seu terceiro título autonómico de golf

COMEZOU a xogar aos seis anos animado polo seu pai. «Un día levome ao campo e gustoume», explica Jesús Ouro Barba, un mozo de 14 anos que estuda no Ies Lucus Augusti e que a primeiros deste mes proclamouse campión galego infantil de golf, revalidando así os títulos que logrou nos anos 2009 e 2011 nas categorías benxamín e alevín, respectivamente.

«Gañar tres veces case consecutivas significa moito para min», engade Jesús antes de recoñecer que en Galicia hai «bastante nivel; sobre todo na miña categoría», di. Agora prepara a súa participación no galego cadete, donde xogará o vindeiro ano e xa coquetea este.

O esforzo e a dedicación son dúas das características que definen a carreira deportiva dun golfista que admira ao norirlandés Rory Macilroy e «por suposto», comenta, a José María Olazábal.

Jesús Ouro é capaz de lanzar golpes de ata «250 ou 260 metros» e considera que, se ben o golf é un deporte «difícil» cando se trata de competir, proporciona grandes satisfaccións e non se corresponde coa imaxe elitista e minoritaria que ás veces se lle atribúe.

«O material para competir é caro», pero todo o mundo pode

xogar», di. Para xustificar a súa afirmación explica que un xogo de paus de competición pode chegar aos 1.500 euros, pero para iniciarse non é preciso mercar material.

«Estaría ben que se achegase este deporte aos rapaces nos colexios e nos institutos», comenta tras destacar a calidade das instalacións do campo do Club de Golf de Lugo. «Son as mellores de Galicia, coas da Zapateira na Coruña», explica. O problema é a choiva nos meses de inverno, aínda que pode solucionarse xogando «cun parau-gas ou na cancha de prácticas».

«En Lugo case non hai xente da miña idade que practique o golf», indica quen afirma cun sorriso que non se liga máis ao gañar competicións. Ao seu currículo deportivo sumou o ano pasado o título de campión galego absoluto de 'pitch & put', e neste un oitavo posto no campionato de España. Agora é sexto no ránking nacional.

Ten claro que «primeiro son os estudos», pero soña con entrar na Escola Nacional Blume en Madrid aos 16 anos. Por agora céntrase no seu camiño hacia o Europeo cadete, donde para participar ten que estar primeiro no ránking nacional. Aínda que recoñece que «é difícil» cada vez está máis cerca.

Tempada 2013/2014
Primeira división

comeza a dar froitos!

azkar lugo f.s.

Concello de Lugo
XUNTA DE GALICIA
LUGO
galicia
azkar
Sabadell
Lotto
Marketing@pronelugoad.com
Teléfono: 982 90 90 39
Centro Deportivo Terra
Roa de Terra, 90
Polígono Industrial O @eso-LUGO

ABONO XERAL (MEMBROS AUTOSERVIZO FANTASMA)

AZUL	GRATIS CON camiseta+merchandising	60€	camiseta+merchandising
BRANCO	XUVENIL 13/17 ANOS 15€ INFANTIL <13 5€ CÓNXUGUE/FILL >18 35€ FILL 13/17 ANOS 12€ FILL <13 ANOS 3€		
AMARELO	UNIVERSITARIO <30 PENSIONISTA DESEMPREGADO DISCAPACITADO	30€	regalo+merchandising
OUTROS	SPONSORIZANTE 20€ (válido para 3 partidos) MEMBROS COM EN TODOS CARRETS CO SEU ANONO CONREGUE (MEMBROS) Reservado xente >18€ Reservado Ribadeo >50€		regalo+merchandising